



## RESOLUCIÓN DE AUTORIZACION E REXISTRO DUN CENTRO DE RECOLLIDA DE EMBRIONS DE EQUINO

**Procedemento:** Autorización de centros de recollida de embrións de equino

**Asunto:** Resolución de autorización e rexistro

**Solicitante:** D. Herminio Pose Nieto

**Enderezo:** Finca O Abeledo (Laxes), Camposo.- 27163, O Corgo, Lugo

**REGA:** ES270140136901

**Data inicio:** 15/02/2012

**Forma de inicio:** A petición do interesado

Visto o informe do xefe do Servizo de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar do Departamento Territorial de Lugo, en relación co expediente arriba indicado dítase a presente resolución baseada nos feitos e consideracións que se sinalan a continuación:

### FEITOS

- O día 15/02/2012, D. Herminio Pose Nieto, en calidade de veterinario responsable do equipo de recollida de embrións Serveteq S.L.U co NIF: B27429778, presentou unha solicitude de autorización do citado equipo.
- Con data 12/03/2012 o xefe do Servizo de Gandería do Departamento Territorial de Lugo emitiu informe favorable relativo a devandita solicitude.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Directiva 92/65/CEE do Consello, de 13 de xullo de 1992, pola que se establecen ás condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios e ás importacións na Comunidade de animais, seme, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normativas comunitarias específicas a que se refire a sección I do anexo A da Directiva 90/425/CEE e as súas modificacións.
2. Regulamento (UE) 176/2010 da Comisión, do 2 de marzo de 2010, polo que se modifica o anexo D da Directiva 92/65/CEE do Consello no que respecta aos centros de recollida e almacenamento de seme, os equipos de recollida e produción de embrións e ás condicións aplicables aos animais donantes das especies equina, ovina e cabrún e a manipulación de seme, óvulos e embrións de ditas especies.
3. Real Decreto 841/2011 do 17 de xuño, polo que se establecen as condicións básicas de recollida, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das especies bovina, ovina, caprina e porcina, e dos équidos.



Corresponde a esta Dirección Xeral a mencionada autorización, de conformidade co previsto no artigo 15 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria

Por todo o exposto, e vistas a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable.

RESOLVO:

Autorizar a Serveteq S.L.U como equipo para a recollida e almacenamento de embrións de equino, e a súa inscrición no Rexistro de Centros de Reprodución co número " ES11ET02E " .

Rexístrase como veterinario responsable do equipo a D. Herminio Pose Nieto, colexiado nº LU 852 de Lugo, e autorízaselle para emitir os documentos de acompañamento dos embrións producidos polo citado centro destinados ao comercio nacional.

Calquera cambio na organización do equipo, nos laboratorios ou nos equipos, deberá ser comunicado a esta dirección xeral.

Contra a presente resolución, poderá interpor recurso de alzada ante o Secretario Xeral do Medio Rural e de Montes, no prazo dun mes, a contar desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 15 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria, e o artigo 26.3.c da Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A presente autorización non implica o cumprimento de calquera outra condición legal, a que houbera lugar, por parte da entidade autorizada.

Notifíquese ó interesado conforme a normativa vixente

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2012

O director xeral de Producción Agropecuaria



José Álvarez Robledo